

Razón Social:**N.I.F.:**

En cumprimento do establecido nos vixentes Estatutos Sociais, convocámoslle á Xunta Xeral Ordinaria, que se celebrará o día 13 de xullo de 2017 no Auditorio sito en Av. Tibidabo 17-19 de Barcelona, ás 11,30 horas, en primeira convocatoria e, de non poderse celebrar por falta de quórum, ás 12 horas en segunda, segundo a seguinte:

ORDE DO DÍA

- a) Aprobación, se procede, das Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2016, así como o destino e distribución do resultado económico positivo anual.
- b) Aprobación, se procede, do Anteproxecto de Orzamento do exercicio do ano 2018.
- c) Reección de membros da Xunta Directiva que corresponde renovar e designación de cargos a teor do artigo 27 dos Estatutos vixentes.
- d) Ratificación dos acordos adoptados pola Xunta Directiva e conseguinte aprobación da xestión dos órganos reitores.
- e) Designación de dous señores Asociados asistentes á Xunta Xeral que deben asinar a Acta.

Informámoslle que as Contas Anuais e o Anteproxecto de Orzamento referidos, poñeranse á súa disposición nas nosas oficinas da rúa Balmes, 17-19, de Barcelona (08007), todos os días laborables de 10 a 12 da mañá, a partir do día 3 de xullo próximo.

As condicións aplicables para a acreditación da lexitimación, a asistencia e o voto, tanto propio como por representación, serán as previstas nos artigos 26 e seguintes dos Estatutos Sociais.

No caso de que vostede non poida asistir á citada Xunta, pode delegar a súa representación por escrito en favor doutro Asociado a esta Mutua Universal que asista a ela, debidamente asinado por vostede, o seu representante ou apoderado con poder suficiente, especificando as instrucións para o exercicio do dereito de voto, o que pode facer devolvéndonos asinada e selada a representación que se acompaña.

A representación acreditarase, se fose preciso, mediante a exhibición do Documento de Asociación ou o Documento de Proposición de Asociación. A personalidade acreditarase mediante a exhibición de calquera documento válido en dereito.

Atentos saúdos.

O Presidente

JUAN ECHEVARRÍA PUIG

Barcelona, maio de 2017

Para os efectos da Xunta Xeral Ordinaria de MUTUA UNIVERSAL MUGENAT, Mutua Colaboradora coa Seguridade Social núm. 10, convocada para o día 13 de xullo de 2017, delego a miña representación e voto no Asociado

.....
con instrucións de voto a favor das propostas da Xunta Directiva. Toda delegación na que non se indique expresamente o asociado en quen se delega a representación se entenderá conferida a favor do Presidente da Xunta Directiva ou do membro da Xunta designado por este.

En _____ a _____ de _____ de 2017.
Firma e selo do Asociado

N.I.F.:**Razón Social:**